

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

EXPEDIENTE	2021051682
ASUNTO	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN DE USO QUE PERMITA A CONSOLIDACIÓN, RESTAURACIÓN E INTERCONEXIÓN ACCESIBLE A TRAVÉS DO SUBSOLO DOS EDIFICIOS CENTRAIS DO MUSEO DE PONTEVEDRA.
TRÁMITE	Aprobación do Convenio

SME/pmd

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte Resolución:

O Museo de Pontevedra, de titularidade da Deputación de Pontevedra, é un dos museos máis sobranceiros de Galicia e unha institución de gran relevancia para a cidade de Pontevedra, con proxección e alcance moito máis aló do termo municipal e do territorio provincial.

Ao longo da súa dilatada historia, o Museo de Pontevedra foi incorporando diferentes edificios para atender as súas crecentes necesidades ata acadar os seis inmobles que lle proporcionan a súa configuración actual: Ruínas de San Domingos, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Fernández López e Castelao. Deles, tanto os dous edificios primixenios como o que acolle ao diferente persoal técnico e espazo de almacenaxe, na rúa Pasantería, presentan importantes disfuncións que limitan o seu correcto funcionamento.

Así, os edificios Castro Monteagudo e García Flórez perderon a súa aptitude para ter un uso expositivo e atópanse nestes intres pechados ao público pola súa obsolescencia e deterioro debido ao paso do tempo. Así mesmo, o Edificio Fernández López aínda que está operativo, presenta un conxunto de limitacións e deficiencias que obrigan, tamén, a súa rehabilitación para o mellor cumprimento das súas funcións.

De maneira individualizada cada un dos tres edificios antes mencionados presentan, hoxe, unha complexa adaptación ao uso museístico e mesmo dificultades para cumprir as esixencias actuais para este tipo de equipamentos pola súa configuración e as limitadas superficies útiles dispoñibles. A necesidade de dispor de espazos para instalar os controis de acceso e as instalacións de climatización e seguridade, a esixencia de garantir a plena accesibilidade universal e de facilitar a comunicación horizontal e vertical, a debilidade estrutural dos

forxados, e a obriga de cumprir as demais esixencias normativas, introducen importantes limitacións para o aproveitamento dos edificios nas súas condicións actuais. Atopámonos pois ante a situación de que os edificios centrais do Museo de Pontevedra, que son a base da súa imaxe icónica, serían na actualidade de difícil adaptación ao uso museístico previsto, agás que se adopten solucións novidosas que permitan devolverlle a súa funcionalidade como museo coas condicións hoxe esixíbeis a este tipo de espazos.

Para garantir a óptima operatividade dos edificios e dar satisfacción á normativa sobre accesibilidade resulta imprescindible conectalos. A alternativa de facer esta conexión aérea presenta evidentes problemas. Dun lado, de accesibilidade, dada a diferenza de cota de rasante e de forxados existente entre os tres edificios; doutro, de modificación da icónica imaxe exterior dun conxunto tan característico e identificábel de edificacións na contorna da Praza da Leña, como a que proxectan os edificios Castro Monteagudo e García Flórez, unidos actualmente mediante unha solución que non cumpre a normativa de accesibilidade nin a de seguranza na protección lateral.

Malia que segundo a cartografía do Catastro un treito da rúa García Flórez figura catastrada a nome da Deputación de Pontevedra, unha parte do eido desta actuación desenvólvese sobre espazo municipal destinado a uso público, en concreto viario, polo que sería necesaria a desafectación ou mutación do subsolo municipal e cesión por parte do Concello de Pontevedra á Deputación de Pontevedra das parcelas necesarias para a ampliación da edificación en planta soto que permitan a buscada conexión entre os tres edificios a través do subsolo, mantendo a superficie a súa titularidade municipal como ben de dominio e uso público do viario municipal.

Para conseguir estes obxectivos, é dicir, a consolidación, restauración, posta en valor e interconexión dos edificios Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra comprometéronse e asinaron o 2/01/2021 un protocolo de colaboración que verbaliza os compromisos e as liñas de colaboración das partes asinantes encamiñadas a impulsar, establecer e contribuír, conxuntamente, á mellora e racionalización do equipamento museístico da cidade de Pontevedra, en virtude do cal, e de xeito resumido, o Concello de Pontevedra comprométese a ceder á Deputación de Pontevedra mediante convenio o uso dos treitos do subsolo das rúas Sarmiento (30 m<sup>2</sup>), Pasantería (225 m<sup>2</sup>) e García Flórez (100 m<sup>2</sup>) coa finalidade de que se poidan acometer as obras necesarias para a conexión a través do subsolo que doten de accesibilidade e permitan a consolidación e rehabilitación dos tres edificios do Museo de Pontevedra, denominados Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López. As

superficies dos treitos de subsolo a ceder, manterán a titularidade municipal, como bens de uso e dominio público,

O Concello comprometeuse, asemade, á inmediata posta a disposición dos treitos do subsolo sinalados en favor da Deputación de Pontevedra, aos únicos efectos de que, por esta última entidade, se puidesen solicitar e polo Concello autorizar o inicio dos estudos previos e cautelas, de carácter xeotécnico, arqueolóxico e de selo caso medioambiental, necesarias para acreditar a viabilidade do proxecto para realizar as obras necesarias para a conexión a través do subsolo que doten de accesibilidade e permitan a consolidación e rehabilitación dos tres referidos edificios do Museo. A posta a disposición tivo lugar mediante acordo da Xunta de Goberno local do 23/12/2019, e xa constan executadas as cautelas e estudos previos de carácter xeotécnico.

Por último, en virtude do amentado protocolo, iniciouse a modificación puntual do PEPRICA que ten por obxecto habilitar o uso do subsolo actualmente destinado a viario así como as fichas específicas dos inmobles e, de selo caso o catálogo de obras, de xeito que se poidan materializar as intervencións necesarias tanto no eido dos edificios como no seu subsolo e no das superficies viarias afectadas consonte ao proxecto de rehabilitación dos edificios centrais do Museo de Pontevedra que permita a ampliación cara ao subsolo, conexión e accesibilidade das dotacións

En base ao exposto, para cohonestar as competencias en materia cultural, museística e de posta en valor do patrimonio cultural, da Deputación provincial e do Concello de Pontevedra, cos principios que pautan a colaboración interadministrativa, ámbalas institucións deciden sumar esforzos de colaboración e acordan subscribir o presente convenio.

Tendo en conta que quedan xustificadas as razóns de oportunidade e o interese público para levalo a cabo, en base a razóns competenciais, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia en materia cultural, de conformidade ao establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Tendo en conta que existe a obriga de remitir a información sobre o convenio ao Consello de Contas, en aplicación ao artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e da súa normativa de desenrolo (Instrución do Tribunal de Contas-Resolución de 2 de decembro de 2016) e R.P. 2017008767, de data 03/05/2017.

Considerando que no expediente de tramitación do convenio figuran os informes favorables da Xefatura de Xestión do Museo de Pontevedra, o de Secretaría Xeral e o de Intervención,

## **RESOLVO**

Aprobar o referido convenio co seguinte tenor literal:

“Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para a cesión de uso que permita a consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do museo de Pontevedra

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

### **Reunidos**

*Dunha parte **María del Carmen Silva Rego**, quen actúa no nome e representación da **Deputación Provincial de Pontevedra**, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*

*Doutra parte **Miguel Anxo Fernández Lores**, quen actúa no nome e representación do **Concello de Pontevedra**, en virtude da súa condición de Alcalde - Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do concello de Pontevedra e D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario da Deputación de Pontevedra, para dar fe do acto que se celebra.*

*Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, e, de común acordo,*

## **Manifestan**

**Primeiro.**- *Un dos obxectivos prioritarios da Deputación de Pontevedra é o fomento e a difusión da cultura en todas as súas manifestacións, posto que unha sociedade culta é sinónimo dun pobo vivo, dinámico e forte. A Deputación de Pontevedra, ven desenvolvendo actuacións para o fomento da cultura, a través da cooperación e coordinación cos Concellos no obxectivo de garantir unha prestación axeitada e eficiente dos servizos públicos en todo o territorio provincial.*

*Asemade, a Deputación, ten competencias para a prestación de servizos públicos de carácter supra-municipal consonte ao artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e, nesta labor, ten unha importancia salientable as actividades que xestiona e desenvolve o Museo de Pontevedra como centro de fomento e divulgación cultural que colabora na recuperación do valioso patrimonio cultural da provincia de Pontevedra.*

*No que atinxe ao Concello, o artigo 25 da LRBRL e o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG) establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da comunidade veciñal e, exerce, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e galega, entre outras materias, as de planeamento, xestión e disciplina urbanística, actividades e instalacións culturais ou patrimonio histórico artístico.*

*Lémbrese que o art. 7 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español establece que os Concellos cooperarán cos organismos competentes na conservación e custodia do Patrimonio Histórico, o que se concreta na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, coa determinación da obriga dos Concellos de protexeren, defenderen, realzaren e daren a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal.*

**Segundo.**- *O Museo de Pontevedra, de titularidade da Deputación de Pontevedra, é un dos museos máis sobranceiros de Galicia e unha institución de gran relevancia para a cidade de Pontevedra, con proxección e alcance moito máis aló do termo municipal e do territorio provincial.–Pola súa importancia, histórica e actual, ambas institucións asinantes teñen o máximo interese en dotar ao Museo de Pontevedra das edificacións e instalacións necesarias para o seu bo funcionamento operativo e para mellorar as súas prestacións.*

**Terceiro.-** Ao longo da súa dilatada historia, o Museo de Pontevedra foi incorporando diferentes edificios para atender as súas crecentes necesidades ata acadar os seis inmobles que lle proporcionan a súa configuración actual: Ruínas de San Domingos, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Fernández López e Edificio Castelao. Deles, tanto os dous edificios primixenios como o que acolle ao diferente persoal técnico e espazo de almacenaxe, na rúa Pasantería, presentan importantes disfuncións que limitan o seu correcto funcionamento.

Así, os edificios Castro Monteagudo e García Flórez perderon a súa aptitude para ter un uso expositivo e atópanse nestes intres pechados ao público pola súa obsolescencia e deterioro debido ao paso do tempo. Así mesmo, o Edificio Fernández López aínda que está operativo, presenta un conxunto de limitacións e deficiencias que obrigan, tamén, a súa rehabilitación para o mellor cumprimento das súas funcións.

**Cuarto.-** De maneira individualizada cada un dos tres edificios antes mencionados presentan, hoxe, unha complexa adaptación ao uso museístico e mesmo dificultades para cumprir as esixencias actuais para este tipo de equipamentos pola súa configuración e as limitadas superficies útiles dispoñibles. A necesidade de dispor de espazos para instalar os controis de acceso e as instalacións de climatización e seguridade, a esixencia de garantir a plena accesibilidade universal e de facilitar a comunicación horizontal e vertical, a debilidade estrutural dos forxados, e a obriga de cumprir as demais esixencias normativas, introducen importantes limitacións para o aproveitamento dos edificios nas súas condicións actuais. Atopámonos pois ante a situación de que os edificios centrais do Museo de Pontevedra, que son a base da súa imaxe icónica, serían na actualidade de difícil adaptación ao uso museístico previsto, agás que se adopten solucións novidasas que permitan devolverlle a súa funcionalidade como museo coas condicións hoxe esixíbeis a este tipo de espazos.

**Quinto.-** Para garantir a óptima operatividade dos tres edificios e dar satisfacción á normativa sobre accesibilidade resulta imprescindible conectalos. A alternativa de facer esta conexión aérea presenta evidentes problemas. Dun lado, de accesibilidade, dada a diferenza de cota de rasante e de forxados existente entre os tres edificios; doutro, de modificación da icónica imaxe exterior dun conxunto tan característico e identificábel de edificacións na contorna da Praza da Leña, como a que proxectan os edificios Castro Monteagudo e García Flórez, unidos actualmente mediante unha solución que non cumpre a normativa de accesibilidade nin a de seguranza na protección lateral.

**Sexto.-** *Despois da análise de diferentes alternativas, a solución óptima proposta consiste na conexión dos tres edificios mediante unha planta de soto que se estenda e ocupe toda a superficie das parcelas abranguida polos tres edificios e treitos do subsolo das rúas Sarmiento, Pasantería e García Flórez e espazos públicos existentes entre eles. Esta conexión soterrada permitiría a continuidade entre os edificios, cumpriría a normativa de accesibilidade e proporcionaría unha alta funcionalidade ao conxunto, optimizando o seu funcionamento cunha entrada única na que se podería dispor un amplo espazo de recepción interior, control de accesos e espazos para instalacións. Por outra banda, posibilitaría tamén a comunicación coa parte xa rehabilitada do antigo edificio Fernández López, completando así a conexión en todo o rueiro ocupado polo Museo.*

*Ademais, esta solución de conexión soterrada entre os tres edificios permitiría manter intacta a imaxe exterior actual do conxunto, condición imposta por Patrimonio, que tamén é un obxectivo compartido polas administracións asinantes.*

**Sétima.-** *Malia que segundo a cartografía do Catastro un treito da rúa García Flórez figura catastrada a nome da Deputación de Pontevedra, unha parte do eido desta actuación desenvólvese sobre espazo municipal destinado a uso público, en concreto viario, polo que sería necesaria a desafectación ou mutación do subsolo municipal e cesión por parte do Concello de Pontevedra á Deputación de Pontevedra das parcelas necesarias para a ampliación da edificación en planta soto que permitan a buscada conexión entre os tres edificios a través do subsolo, mantendo a superficie a súa titularidade municipal como ben de dominio e uso público do viario municipal.*

*Esta solución de conexión soterrada entre os tres edificios está expresamente habilitada pola Lei do solo de Galicia e o seu Regulamento que, no desenvolvemento da función pública que representa a actividade e as competencias urbanísticas para organización, dirección e control da ocupación e utilización do subsolo e para determinación dos seus usos, habilita ao planeamento que conteña a ordenación detallada para regular o uso do subsolo dos espazos de dominio público coa finalidade de prever a implantación de infraestruturas e equipamentos, como acontece neste suposto, polo que a materialización de tal habilitación precisará, en todo caso, dunha modificación puntual do Plan Especial de Protección e Rehabilitación e Conservación Artística (PEPRICA) do Centro Histórico de Pontevedra, declarado BIC, dado que a súa actual redacción non prevé entre as súas determinacións esta posibilidade guiada polo interese xeral da posta en valor das dotacións e monumentos museísticos citados e de favorecer a accesibilidade universal á cultura e aos equipamentos culturais.*

**Oitavo.-** Para conseguir os obxectivos deste Convenio, é dicir, a consolidación, restauración, posta en valor e interconexión dos edificios Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra comprometéronse a realizar todas as xestións con outras administración e entidades para acadar a colaboración económica que minorice a carga orzamentaria que se poida derivar e as tramitacións urbanísticas necesarias.

**Noveno.-** A tal efecto, Deputación e Concello asinaron o 2/01/2021 un protocolo de colaboración que verbaliza os compromisos e as liñas de colaboración das partes asinantes encamiñadas a impulsar, establecer e contribuír, conxuntamente, á mellora e racionalización do equipamento museístico da cidade de Pontevedra, en virtude do cal, e de xeito resumido, o Concello de Pontevedra comprométese a ceder á Deputación de Pontevedra mediante convenio o uso dos treitos do subsolo das rúas Sarmiento (30 m<sup>2</sup>), Pasantería (225 m<sup>2</sup>) e García Flórez (100 m<sup>2</sup>) que se grafitan nos planos que se achegan ao protocolo como anexo 1, coa finalidade de que se poidan acometer as obras necesarias para a conexión a través do subsolo que doten de accesibilidade e permitan a consolidación e rehabilitación dos tres edificios do Museo de Pontevedra, denominados Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López. As superficies dos treitos de subsolo a ceder, manterán a titularidade municipal, como bens de uso e dominio público,

O Concello comprometeuse, asemade, á inmediata posta a disposición dos treitos do subsolo sinalados en favor da Deputación de Pontevedra, aos únicos efectos de que, por esta última entidade, se puidesen solicitar e polo Concello autorizar o inicio dos estudos previos e cautelas, de carácter xeotécnico, arqueolóxico e de selo caso medioambiental, necesarias para acreditar a viabilidade do proxecto para realizar as obras necesarias para a conexión a través do subsolo que doten de accesibilidade e permitan a consolidación e rehabilitación dos tres referidos edificios do Museo. A posta a disposición tivo lugar mediante acordo da Xunta de Goberno local do 23/12/2019, e xa constan executadas as cautelas e estudos previos de carácter xeotécnico.

Por último, en virtude do amentado protocolo, iniciouse a modificación puntual do PEPRICA que ten por obxecto habilitar o uso do subsolo actualmente destinado a viario así como as fichas específicas dos inmobles e, de selo caso o catálogo de obras, de xeito que se poidan materializar as intervencións necesarias tanto no eido dos edificios como no seu subsolo e no das superficies viarias afectadas consonte ao proxecto de rehabilitación dos edificios centrais do Museo de Pontevedra que permita a ampliación cara ao subsolo, conexión e accesibilidade das dotacións. Arestora, e trala súa aprobación inicial o 19/07/2021, o procedemento de modificación puntual do PEPRICA atópase en fase de información pública e oficial.



*En base ao exposto, para cohonestar as competencias en materia cultural, museística e de posta en valor do patrimonio cultural, da Deputación provincial e do Concello de Pontevedra, cos principios que pautan a colaboración interadministrativa, ámbalas institucións deciden sumar esforzos de colaboración e acordan subscribir o presente convenio con base ás seguintes,*

## **Cláusulas**

### **Primeira.- Obxecto**

*O presente convenio ten por obxecto pautar as cesións necesarias que desenvolvan as liñas de colaboración das partes asinantes encamiñadas a impulsar, establecer e contribuír, conxuntamente, á mellora e racionalización do equipamento museístico da cidade de Pontevedra, e permitan a rehabilitación, conexión e dotación de accesibilidade a través do subsolo dos edificios Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López, previa modificación puntual do PEPRICA.*

### **Segunda.- Acordos e obrigas do concello de Pontevedra**

*Coa sinatura do presente Convenio, o Concello de Pontevedra adopta os seguintes acordos e adquire as seguintes obrigas para materializar os obxectivos do mesmo:*

- 1. Cede gratuitamente á Deputación de Pontevedra o uso dos treitos do subsolo das rúas Sarmiento (30 m<sup>2</sup>), Pasantería (225 m<sup>2</sup>) e García Flórez (100 m<sup>2</sup>) que se grafitan nos planos que se achegan a este convenio como anexo 1, mediante a mutación demanial interna e cesión de uso ao abeiro do previsto no artigo 25 e disposición adicional segunda da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de que se poidan acometer as obras necesarias para a conexión a través do subsolo que doten de accesibilidade e permitan a consolidación e rehabilitación dos tres edificios do Museo de Pontevedra, denominados Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López. Agora ben, unha vez rematadas as obras de reurbanización no subsolo que xustifican e motivan a cesión, de existiren partes do subsolo que non sexan necesarias para os fins da cesión, estas reverterán ao Concello coa recepción das obras. Neste senso, ao rematar as obras de reurbanización, que se pode facer por fases, deixarase constancia das superficies do subsolo cedidas que foron*

2. *efectivamente ocupadas polas obras correspondentes e, as que non sexan ocupadas, reverterán automaticamente ao Concello, extingúndose a cesión de uso respecto a esas partes non necesarias.*

*A sinatura do presente convenio ten a consideración de acta de entrega da posesión dos treitos do subsolo sinalados por parte do concello de Pontevedra a favor da Deputación de Pontevedra, podendo esta última entidade iniciar os estudos previos e cautelas, de carácter xeotécnico, arqueolóxico e de selo caso medioambiental, necesarias para acreditar a viabilidade do proxecto e da modificación puntual do PEPRICA que habilite o novo uso do subsolo e demais actuacións para a boa fin da cesión de uso.*

*A presente cesión de uso ten un carácter indefinido mentres que se manteña o uso do subsolo aos fins que determinan a cesión, que é permitir a conexión a través do subsolo que doten de accesibilidade e permitan a consolidación e rehabilitación dos tres edificios do Museo de Pontevedra, denominados Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López.*

*Unha vez rematadas as obras debidamente impermeabilizadas e recibidas ás de reurbanización das rúas polo Concello, o espazo público en superficie seguirá sendo viario de uso público municipal a conservar e manter polo Concello, sen prexuízo de que calquera problema estrutural ou de humidades derivado da deficiente execución ou calculo estrutural ou de impermeabilización do proxecto, será responsabilidade e por conta da Deputación de Pontevedra como executante das obras, de xeito que o Concello non será responsable dos posibles danos que a deficiente impermeabilización ou transcurso do tempo poidan causar nas instalacións do subsolo e que lle corresponde á Deputación as obras necesarias para reparar os danos ocasionados, manter en perfecto estado a impermeabilización e para conservación e mantemento desas condicións.*

2. *Comprométese a impulsar a tramitación do instrumento de modificación do PEPRICA encargado pola Deputación ata a súa aprobación definitiva, no prazo o máis breve posible e coa máxima dilixencia.*

3. *Asume tamén o compromiso de axilizar a tramitación da autorización das cautelas arqueolóxicas, necesarias para discernir, con carácter previo á redacción definitiva do proxecto, a viabilidade do pretendido así coma as autorizacións sectoriais precisas. Tamén o de axilizar a tramitación e concesión da licenza para a rehabilitación e ampliación no subsolo dos edificios centrais do Museo de Pontevedra, unha vez presentada a solicitude e proxecto pola Deputación.*

### **Terceira.- Acordos e obrigas da Deputación de Pontevedra**

*A Deputación de Pontevedra, coa sinatura do presente Convenio, adopta os acordos e asume as obrigas seguintes:*

*1. Acepta a cesión gratuíta de uso de carácter indefinido e a entrega da posesión da superficie do subsolo de vía pública sinalada na cláusula segunda 1. do presente convenio, nas condicións que se sinalan nesa estipulación e comprométese a destinar os bens cedidos para as finalidades expresadas na devandita cláusula con automática reversión das cesións de uso das superficies non necesarias para as fins do convenio.*

*2. Comprométese á redacción do proxecto ou proxectos de rehabilitación e ampliación e comunicación soterrada dos edificios Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López, así como cantos traballos e estudos previos sexan precisos para a redacción do proxecto ou proxectos.*

*3. Obrígase a asumir o procedemento de adxudicación das obras de rehabilitación dos edificios centrais, así como a súa dirección e recepción.*

### **Cuarta.- Financiamento.**

*A Deputación de Pontevedra asumirá o financiamento da redacción e execución dos proxectos construtivos e de rehabilitación dos edificios centrais, obxecto do presente convenio, sen prexuízo de comprometerse a levar a cabo as xestións con outras administracións e entidades para acadar a colaboración económica que poida minorar a carga orzamentaria que se derive.*

*Tamén asumirá o financiamentos da totalidade dos estudos previos e cautelas arqueolóxicas ou de outra índole que sexan preceptivas e da redacción dos diferentes documentos que integran o instrumento urbanístico para modificación puntual do PEPRICA.*

*O abono das taxas, gravames e impostos derivados das actuacións referidas neste convenio serán asumidas pola Deputación Provincial segundo o establecido legalmente.*

### **Quinta.- Natureza xurídica, entrada en vigor, vixencia e prórroga do convenio**

*Dado o seu contido e natureza, este convenio administrativo rexeráse -ademais de polo disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público- pola normativa: urbanística, de protección do patrimonio cultural e pola reguladora do patrimonio das administracións públicas e, especificamente, pola normativa reguladora dos bens das entidades locais e demais normativa aplicable. Neste senso, observa os requisitos da*

*lexislación de réxime xurídico do sector público e do réxime local, ademais da reguladora do patrimonio das administracións públicas e, especificamente, da normativa reguladora dos bens das entidades locais, plasmados nos correspondentes expedientes que se tramitan en ámbalas Administración.*

*Xa que logo, o presente convenio ten natureza administrativa, xa que ten o contido de convenio de colaboración administrativa de carácter patrimonial.*

*Por tal motivo, o convenio entrará en vigor e será efectivo o día da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata a finalización das obras obxecto do presente convenio ou, en todo caso, ata o transcurso de catro anos dende a data da súa sinatura.*

*No caso de que, por motivos xustificados, as obras do presente convenio non estivesen rematadas cando finalice o prazo de vixencia, poderase poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes.*

#### **Sexta.- Reversión**

*As cesións realizadas polo Concello de Pontevedra en favor da Deputación de Pontevedra teñen un uso finalista. Salvo que se acorde outra finalidade de común acordo, será motivo de reversión a perda da finalidade e usos para as que foron cedidas.*

*As obras de reurbanización e as correspondentes actas de recepción, poderán facerse en fases ou por rúas. En todo caso, en cada acta de recepción deixarase constancia tamén das superficies do subsolo cedidas que foron efectivamente ocupadas polas obras correspondentes, con determinación expresa da automática reversión ao Concello das cesións de uso realizadas, respecto daquelas superficies dos subsolo que non fose necesario ocupar para a materialización dos obxectivos do Convenio.*

#### **Sétima.- Comisión de seguimento e control**

*Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o Secretario da Deputación de Pontevedra e o secretario do concello de Pontevedra, ou persoas en quen deleguen e un representante técnico de cada Administración.*

*As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:*

1. *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
2. *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
3. *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

*Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.*

***Oitava.- Causas de resolución.***

*O convenio extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución:*

*1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*

*2º.- O acordo unánime dos asinantes.*

*3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

*Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ós responsables da Comisión de Seguimento e Control.*

*Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persistira o incumprimento a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.*

*4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

*5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en calquera outra normativa aplicable.*

### ***Novena.- Xurisdición***

*As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da comisión de seguimento. De persistir a diverxencia, as partes someteranse á xurisdición contencioso-administrativa da cidade de Pontevedra en orde á resolución de conflitos sobre a interpretación e cumprimento do presente convenio.*

*E en proba de conformidade con todo o anterior, asinan o presente convenio de xeito electrónico e a un só efecto, na data indicada ao inicio.*

*A Presidenta de Deputación*

*O Alcalde do Concello de Pontevedra*

*Asdo.- M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego*

*Asdo.- Miguel A. Fernández Lores*

*O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra*

*O Secretario do Concello de Pontevedra*

*Asdo.- Carlos Cuadrado Romay*

*Asdo.- José Carlos Castiñeira Piñeiro”*

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes para partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe